

Tendencias temáticas na narrativa infantil galega actual (2010-2019)

Thematic Trends in the Current Galician Children's Literature (2010-2019)

MARÍA DEL CARMEN FERREIRA BOO

m.fboo@udc.es
UDC/UNED

Recibido: febrero 2022. Aceptado: marzo 2022

Resumo: Realízase, a modo de panorámica histórica, unha análise de álbums e de relatos narrativos escritos orixinariamente en galego durante a década 2010-2019 e dirixidos á infancia. Ofrécese unha clasificación das temáticas máis recorrentes e innovadoras tratadas nese período. Exemplifícase con aquelas obras máis salientables pola súa calidade literaria e plástica, diferenciando álbums narrativos, nos que se conxuga a linguaxe verbal e visual, e relatos e novelas ilustrados. Por último, conclúese que hai temáticas recorrentes, como a recreación dos contos orais, o realismo, a fantasía e o misterio e outras novidades e innovadoras, como o feminismo, a transexualidade, a menstruación, a morte, a enfermidade, a guerra e o abuso infantil, xunto co humor macabro de tendencia gótica.

Palabras chave: álbum, literatura infantil e xuvenil galega, narrativa infantil, temas

Abstract: As a historical overview, an analysis of picture books and narrative works originally written in Galician during the 2010-2019 decade and aimed at children is carried out. A classification of the most recurring and innovative topics dealt with in that period is offered. It is exemplified by those works that stand out for their literary and plastic quality, differentiating between picture books, in which verbal and visual language are combined, and illustrated stories and novels. Finally, it is concluded that there are recurring themes, such as the recreation of oral narrative, realism, fantasy and mystery, and other new and innovative ones, such as feminism, transgender, menstruation, death, illness, war and child abuse, along with got-leaning macabre humor.

Keywords: picture book, Galician Children's and Youth Literature, children's narrative, themes

I.- INTRODUCCIÓN

A Literatura Infantil e Xuvenil Galega, como fenómeno con vontade de ter unha proxección social ampla ata a actualidade, iníciase nos anos setenta do século xx (Fernández Paz 1999). A estes inicios, axudaron a consideración da lingua galega como lingua cooficial na comunidade autónoma de Galicia, a actividade conducente á súa normalización e a conseguinte aprendizaxe a nivel educativo, accións que provocaron a partir dos anos 80 un aumento na produción de Literatura Infantil e Xuvenil en lingua galega, supeditada sobre todo a actividades de fomento da lectura realizadas desde os centros educativos, como sinala Roig (2015). Na década dos 90, ademais do labor canonizador dos premios, irrompen dúas editoriais, Kalandraka e OQO, que provocan un boom editorial do álbum ilustrado en galego, arrastrando a outras editoras a fixar a súa atención neste formato e incluso a crear coleccións específicas para el (Franco + Mesías 2010).

Pouco a pouco, grazas a todos os axentes sociais, culturais e educativos, a Literatura Infantil e Xuvenil galega ten ido evolucionando, en canto a xéneros literarios, temáticas e personaxes; e tense introducido o seu estudo na universidade, como materia nalgúns graos e mestrados e como obxecto de análise en teses e publicacións científicas, alcanzando na actualidade un notable recoñecemento non só a nivel autonómico, senón tamén nacional e internacional¹ (Roig 2015). Ademais, esta expansión e recoñecemento axudaron nos últimos anos ao auxe de novas xeracións de autores, editores, ilustradores, estudosos e críticos, que chegan con vitalidade, entusiasmo e proxección de futuro; e á aparición de pequenos selos editoriais que ofrecen edicións coidadas e de calidade que axudan a diversificar a oferta temática da Literatura Infantil e Xuvenil galega.

Esta literatura é un produto cultural cunhas características específicas, que dependen das particularidades psicolóxicas, os gustos e intereses do seu destinatario específico (infancia, adolescencia e mocidade); de aí que a escolla da temática estea supeditada a esa dependencia, xa que existen temáticas máis afíns a esas idades que outras. Mais tamén inflúe na elección dos temas o contexto histórico do momento en que o escritor pensa e escribe a obra. Así, ao iniciarse o século XXI prosperan a globalización, o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), a multiculturalidade social debido aos fluxos migratorios... cuestións todas elas que terán reflexo no panorama actual da Literatura Infantil e Xuvenil galega, que tamén se fai eco destes temas de actualidade.

Se se realiza unha análise da narrativa infantil galega publicada na década de 2010 a 2019, como se pode observar en Roig (2010-2017), Neira (2018) e Fernández (2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019,

¹ Pénsese por exemplo nos premios recibidos por escritores galegos a nivel nacional, como o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil ou o Premio Lazarillo, e a inclusión en prestixiosas listaxes como The White Ravens ou a candidatura dalgúns escritores galegos ao Premio Astrid Lindgren.

2020), constátase que hai unhas liñas temáticas claras nesa produción que permiten agrupar as obras narrativas por temas, algúns enraizados no século pasado, fronte a outros que exemplifican a evolución e o progreso realizados neste século. Ademais, tamén se pode apreciar o afianzamento de traxectorias literarias de escritores, que se configuran xa como clásicos contemporáneos, caso de Agustín Fernández Paz, Fina Casalderrey, Paco Martín, Antonio García Teijeiro etc. (Roig 2008), xunto á aparición de escritores noveles, que xa recibiron numerosos premios e galardóns, cunha produción moi abundante, que proceden de diferentes profesións (avogados, xornalistas, mestres, enxeñeiros...), que viviron en democracia, que dominan as novas tecnoloxías e que teñen innovado en canto a temáticas, xéneros, estilos... (Roig 2015).

Polo tanto, descríbense a seguir as principais liñas temáticas na narrativa infantil escrita orixinariamente en galego de 2010-2019, que se exemplifican cunha selección de obras, dirixidas a prelectores, lectores autónomos e preadolescentes, que destacan pola súa calidade literaria e plástica e a súa innovación.

II.- DA ORALIDADE Á ESCRITA: CLÁSICOS POPULARES E REESCRITURAS

Esta primeira tendencia temática é unha das máis produtivas da Literatura Infantil e Xuvenil de todas as épocas. Igual que en décadas precedentes, séguese empregando con moita vitalidade e éxito o material narrativo procedente da literatura de transmisión oral galega e doutras culturas para crear reescrituras referenciais, lúdicas, humanizadoras e ideolóxicas (Valriu 2010).

Continúanse a editar álbums narrativos que realizan reescrituras instrumentais en canto ao texto, procedente da transmisión oral, e máis lúdicas na proposta interpretativa plástica (Ferreira 2019), confluindo dúas linguaxes (literaria e artística), que se inclúen en coleccións específicas, como é o caso de «Os contos do trasno Comodín», con títulos reeditados de contos marabillosos como *Ovos duros* (2013), de Marisa Núñez e Teresa Lima, ao redor dunha muller sabia que ten éxito pola súa intelixencia e sentido da xustiza; e *Tío Lobo* (2015), sobre o tema da nena desobediente e o seu castigo, e *Os tres porquiños* (2016), adaptados ambos por Xosé Ballesteros. Na liña dos contos protagonizados por animais e cunha presenza significativa da natureza, *Quen pode vencer o vento?* (2014), de Charo Pita e Marion Arbona, é unha fábula africana sobre o desafío dos animais ao vento para conseguir auga na que se valora o esforzo e constancia; e *A araña que lles tiña medo ás arañas* (2019), de Ramón Veiga e Iván R., de estrutura enumerativa e circular, é unha historia de medo e humor protagonizada por unha araña que se enfrenta con ousadía a distintos animais ata que o seu propio reflexo no espello a amedrenta.

Tomando forma de bestiario, con carácter innovador e rupturista, publícanse *Cor animal* (2015), de Agustín Agra e Maya Hanish, un percorrido sobre a fauna salvaxe, e reedítase *Animais de compañía* (2017), de Manuel Lourenzo González e Óscar Villán, un fermoso bestiario rimado no que se combinan humoristicamente as sílabas dos nomes de diversos animais.

Outros álbums son reescrituras lúdicas e humanizadoras, que se inspiran en elementos da transmisión oral, sobre todo personaxes, para subvertelos, humanizalos ou modernizalos, como *O aprendiz do home do saco* (2013), de Antonio Reigosa, que actualiza esta coñecida figura popular; a reedición *Vanesa non quere ser princesa* (2017), na que Xosé A. Perozo emprega o personaxe da princesa para reivindicar mediante a nena protagonista outras actividades e profesións máis divertidas que as que realiza este personaxe dos contos maravillosos, como ser policía ou astronauta, opoñéndose ás expectativas de súa nai. En *O cociñeiro Martiño* (2016) e *O Cociñeiro Martiño e as cenorias desaparecidas* (2017), Iago López e Marcus Romero modernizan a historia dun cociñeiro do rei e distintas anécdotas que vive ao ter que facer distintas receitas para o rei. Mentres que *A meiga chuchona* (2018), de Jacobo Paz Limia e Xosé Tomás, é un conto de humor inspirado nesta figura mitolóxica protagonizado por unha cativa que escoita ruídos arrepiantes na casa da súa avoa durante a noite.

Se nos centramos en obras narrativas dirixidas ao lectorado autónomo e preadolescente, moitos escritores empregan personaxes dos contos maravillosos, como princesas, príncipes, bruxas, fadas etc., e actualízanos e modernizan en pro da ruptura de estereotipos sexistas, caricaturízanos, humanízanos ou achéganlles unha nova ideoloxía. Por exemplo, nas reedicións *Zeralda e o dragón* (2012), Agustín Fernández Paz destrúe tópicos e busca novos roles para os protagonistas, ademais de actualizar o típico final do matrimonio; en *O merlo de ferro* (2013), Antón Cortizas conta o proceso de elaboración dun merlo con maravillosos elementos da natureza. Gloria Sánchez realiza unha parodia moi divertida dun príncipe porco en *Florentino, o príncipe Quino* (2010); mentres que Xoán Babarro utiliza o humor absurdo no relato *Macarrón de narices* (2011) para narrar o que lle acontece a uns cortesáns que se alimentaban só de macarróns con tomate.

Outros relatos céntranse en desmitificar pola vía do humor personaxes do imaxinario infantil con reescrituras lúdicas e humanizadoras. Así *O pequeno mago* (2013), de Roque Cameselle, presenta as aventuras do mago Bieito Dubidoso na Idade Media contra o abuso de poder despótico; *Viaxe a Dragonia* (2015), de Xan López Domínguez, é unha parodia das aventuras dun peculiar dragón, unha bruxa encantadora e un mago; *O anano máis alto conta a historia de Brancaneves* (2015), de Marilar Aleixandre, relata a historia de amor entre un dos ananos e Brancaneves; *Tragaxán e Tragadiño* (2016), de Bernardino Graña, recupera a figura de Xan Guindán, acollendo contos populares para presentar situacións cotiás da vida familiar rural galega.

En *Marta e a píntega* (2016), Eli Ríos narra as aventuras dunha nena que como Gardiana da Memoria viaxa ao país dos contos, onde coñece diferentes personaxes da tradición oral e reescribe as súas historias. Antonio Manuel Fraga realiza un discurso contra a violencia en *O capitán Maimiño* (2016), no que se parodian as xestas medievais e se ridiculizan os heroes; mentres que Héctor Cajaraville en *Quen dá a quenda?* (2016) amosa distintas situacións e personaxes disparatados na consulta dunha meiga sabia, que lle soluciona os problemas con imaxinación e orixinalidade. En *Bruxa e familia* (2017), Paula Carballeira transgrede e subverte con orixinalidade e humor o personaxe da bruxa cunha

visión totalmente renovada, salientando o valor da diferenza; e Miguel Uhía ofrece en *O príncipe carpinteiro* (2017) unha versión diferente e divertida do personaxe do príncipe, que quere ser carpinteiro, amosando valores actuais. Por último, *Os contos da avoa Pepa* (2018), de Francisco Fernández Naval, recrea contos populares e recordos da infancia da avoa Pepa, sobre a casa, a vexetación, a fauna, o río ou as festas da vila e historias sobre a emigración e a guerra que transmiten os medos, as ledicias, os desexos e as preocupacións dunha familia do rural galego.

Dentro do microrrelato, hai que citar dúas obras do dúo Pinto&Chinto que se aproveitan dos recursos da narrativa oral, como personaxes do imaxinario infantil (piratas, príncipes, princesas, bruxas, sereas, fadas, xigantes, ananos, etc.) que agora subverten ou modifican o seu papel tradicional desde unha visión humorística dos contos de sempre para ofrecer un conxunto de microcontos: *Contos para nenos que dormen deseguida* (2010) e *Cámbiache o conto* (2016), nos que combinan parodia, humor, surrealismo, sorpresa e orixinalidade, coordenadas moi presentes en toda a súa produción infantil e xuvenil.

É de salientar, polo súa frescura e carácter innovador, a abondosa produción de El Hematocrítico que, en clave de humor e empregando técnicas rodarianas, se achega a personaxes dos contos populares con moita orixinalidade e creatividade. En *Axente Riciños* (2016) a nena Riciños de Ouro convértese nunha heroína ao rescate de personaxes de conto. *O lobiño riquiño* (2016) mostra como o malvado lobo dos contos quere manter a herdanza da tradición, mais o seu sobriño o lobiño opónse e convértese nun recoñecido cocifeiro. En *O lobo con botas* (2018) novamente bota man do personaxe do lobo para advertir dos perigos do consumismo e en *Rapunzel con piollos* (2019) trata de buscar unha solución á praga de piollos que sofre a princesa na súa cabeza.

Outros relatos inspíranse nos contos de animais, impregnándoos de modernidade e comicidade, como sucede en *O raposo e a mestra* (2013), de Manolo Rivas, sobre as aventuras dun raposo solitario, divertido e algo máxico; en *A fábula dos ratos mensaxeiros* (2017), de Xan López Domínguez, centrado na busca dun novo mensaxeiro do mundo animal; e en *O raposo aviador que voa sen motor* (2019), de Antonio Reigosa, que retoma con humor o personaxe do raposo valente cuxa ambición por voar o leva a vivir distintas aventuras.

III.- CLÁSICOS UNIVERSAIS REVISITADOS

Nesta década foron varios os autores que deitaron unha ollada persoal a clásicos da literatura universal, empregando o formato álbum para ofrecer unha reinterpretación conxunta desde a linguaxe verbal e visual e achegar a esencia desas obras ao lectorado máis novo.

É o caso do dúo Pinto&Chinto, que publicaron unha serie de adaptacións de obras configuradoras do canon clásico, revisitadas con mirada humorística, surrealista e paródica, na colección «Carambola» da editorial Bululú: *As estrambóticas viaxes de Gulliver* (2013), *O estrambótico Principiño* (2013), *A*

estrambótica Illa do Tesouro (2015) e *As estrambóticas aventuras do barón de Münchhausen* (2017).

Venres (2013), de Santiago Freire e Dani Padrón, céntrase en achegar a vida do protagonista da obra de Defoe ao lectorado máis novo; mentres que Ramón Trigo en *Leviatán* (2014), Premio Lazarillo ao Álbum ilustrado, ofrece unha proposta plástica chea de expresividade, simbolismo e xogos humorísticos que entronca co clásico de Herman Melville e cos salmos bíblicos, para ofrecer a obsesiva persecución da mítica balea.

IV.- REALISMO

A representación da realidade próxima ao lectorado infantil é unha tendencia temática tamén moi produtiva, que abrangue cuestións múltiples e diversas que afectan á nenez, diferenciando aquelas obras que presentan cuestións da vida cotiá, que atenden a vivencias intrafamiliares e sociais e que reivindicán certos valores, daquelas que se centran en problemáticas máis duras, como a morte, a enfermidade, a guerra ou o abuso infantil.

4.1.- A vida cotiá da infancia

Consiste en retratar e reflectir anécdotas da vida cotiá, próximas ás vivencias nos primeiros anos de vida, relativas á chegada dun novo membro familiar, ao xogo infantil, ás rutinas diarias, aos medos, ás relacións interxeracionais, sociais e problemáticas, coa intención de transmitir certos valores, como a amizade, o respecto pola diversidade e a diferenza... Maioritariamente este tipo de obras están protagonizadas por nenos con idades semellantes ao lectorado agardado, aínda que hai algunhas con protagonismo de animais humanizados, que reflicten todas estas cuestións.

Publícanse álbums narrativos que se centran nas vivencias diarias da nenez, como *Maxia!* (2011), de Charo Pita, que mostra a busca reiterada dun neno para conseguir alimento para un bebé; *A tartaruga de Martiño* (2012), de María Canosa, sobre o momento no que un neno pasa a durmir na súa habitación; *Augusta e os seus medos* (2014), de Sabela Fernández Trelles e Alicia Suárez, e *Porque Cuqui non quere ir á lavadora* (2014), de María Lado e Yanina Torres, sobre a superación dos medos; *Ana xa chegou!* (2014), de María Canosa e Dani Padrón, que conta a vida dunha recén nada; *Animalario cotián...entre irmáns* (2017), de María Lires, que describe anécdotas entre irmáns; *Vou ter un irmán* (2012), de María Solar e Xosé Tomás e *Un máis* (2017), de Olalla González e Marc Taeger, sobre a chegada dun novo irmán e os cambios que suceden na familia; e *O branco non pinta* (2018), de Antía Otero e María Brenn, que se aproxima ao valor conceptual desa cor, satisfacendo a curiosidade da nenez.

Outros álbums achéganse á cotiandade das relacións sociais desde unha ollada cómica, como *A rúa da Tixola* (2014), de Charo Pita, un relato que encaidea pequenas traxedias dunha veciñanza que mostran a fraxilidade da cordiali-

dade social. Ou traballan á prol da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a través da ruptura dos estereotipos de xénero, empregando a figura dos piratas, como *Xiana, a nena pirata* (2012), de María Canosa e *Fina a pirata* (2019), de Helena Villar Janeiro, que trata a cooperación entre iguais, a amizade e a aceptación das persoas que sofren algunha discapacidade. Tamén hai cabida para temáticas máis duras, como as carencias afectivas e os coidados elementais das familias desestruturadas en *Milu* (2010), de Manuel Rivas, ou o abuso de menores en *Monstro de ollos vermellos* (2018), de R. J. Peralta e Blanca Millán. Un caso particular é o álbum *Un home impuntual* (2010), de Pepe Cáccamo e Manuel Pizcueta, que fai un retrato persoal e íntimo dun home que se interroga e reflexiona sobre as dificultades da vida, as renunciadas persoais e a perda de valores na sociedade actual, con pesimismo e a consciencia do paso do tempo.

Hai que destacar os personaxes dos Bolechas, creados por Pepe Carreiro, unha colección que é xa todo un universo literario e fílmico e que conta coa súa propia páxina web, osbolechas.gal. Cabe mencionar a serie titulada «As miñas primeiras letras galegas», dedicada aos homenaxeados no Día das Letras Galegas, «Os Bolechas queren saber», que dá a coñecer actividades profesionais; e «Os Bolechas van de viaxe», na que percorren distintos lugares da xeografía galega. Tamén a serie «O Pastor de Nubes», de Anxo Fariña, con dous títulos *O pintor de flores* (2017) e *Onde está Nubebebé?* (2017), protagonizados por Gliz, un pastor de nubes que axuda a atopar a Nubebebé. E, por suposto, a reedición en 2017 da serie protagonizada por Toribio, creada por Carlos Casares e Penélope Piras nos anos 80 do pasado século, que relata as divertidas aventuras deste inventor de obxectos alucinantes.

Salientan tamén neste sentido álbums que retratan a cotiandade dos animais, que aparecen moitas veces humanizados. Así *E ti que farías por min?* (2010), de Fina Casalderrey, mostra a amizade entre dous cans vagabundos e a importancia de crear ilusións a partir das palabras; *Xoa* (2011), de Antonio Yáñez Casal, retrata o proceso evolutivo dunha xoaniña desde o seu nacemento; *Artur* (2012), de Oli e Marc Taeger, conta as primeiras anécdotas dun pitiño acabado de nacer; e *Vaite xa!* (2016), de Marcos Viso, reflicte os sentimentos que embargan a un oso humanizado que ten que abandonar a súa familia e fogar en busca dunha vida mellor. Outros relatos ilustrados acentúan a comicidade, como *Son un can!* (2013), de Xabier López, sobre un pequeno gato que quere ser can; ou *Choiva de ras* (2018), de Ánxela Loureiro, sobre una rá rebelde que amosa o valor da diferenza.

Tamén xorden series protagonizadas por animais encamiñadas a axudar á nenez no seu crecemento e aprendizaxe, como «Os Wombis», de Emilia Rebumbio e Irene Sanjuán, que relata as aventuras destes tenros personaxes con aparencia de osiños nos títulos *Os Wombis e a escuridade* (2017), *Os Wombis e os chupetes* (2017) e *Os Wombis e os cueiros* (2017).

Se se repara en relatos ilustrados infantís, créanse numerosas obras que se centran nas problemáticas familiares e sociais que xorden na vida cotiá do lectorado esperado, tratando por exemplo os cambios e adaptacións que supón o trasladarse a vivir ao pobo, debido ao divorcio dos pais, en *Águeda e o misterio dos calcetíns* (2011), de Paula Señarís; o acoso escolar en *Ti non xogas* (2011),

de Silvestre Gómez Xurxo; o valor da diferenza en *Raro* (2013), de Marcos Calveiro, sobre un neno que consegue vencer o medo ao descoñecido; os conflitos familiares debidos a segredos en *O recendo das clementinas* (2013) e *O fío vermello* (2014), de An Alfaya, que amosa o amor fraternal; a vida interior da protagonista en *O segredo de Zoe* (2016), de Fina Casalderrey; e o microcosmos que pobo a unha praia en *Debaixo dun parasol* (2017), de Azucena Arias Correa, desde a ollada da nena protagonista; ou o espírito de superación e autonomía da nenez para un perfecto desenvolvemento persoal, o consumismo e o coñecemento da natureza en *A viaxe de Ana* (2019), de Alberto Momán. Outras obras narrativas interésanse por reflectir as relacións interxeracionais entre avós e netos, mostrando a complicidade manifesta e a conexión co pasado e as tradicións, como acontece en *Cos ollos do avó* (2013), de Concha Blanco.

Outros temas que se tratan desde a narrativa infantil débense ás problemáticas que xorden pola globalización, o capitalismo e consumismo da sociedade occidental. Así *A filla do ladrón de bicicletas* (2010) e a precuela *A noite das bicicletas* (2018), de Teresa González, que se ambientan no mundo circense, fala de amor e amizade, grazas á historia de Serafina, personaxe con tintes roaldianos, e critica o capitalismo voraz e a influencia da publicidade na vida das persoas; e o relato *Inmundicia e Roñoso* (2015), de Leticia Costas, conta con tenrura a realidade dos nenos que viven na marxinalidade e pobreza. O relato distópico *Unha casiña branca* (2015), de Marcos Calveiro, narra a supervivencia dun neno e unha nena, que perseguen os seus soños, nun mundo contaminado e hostil. *Eu e nós durmindo nunha garaxe* (2015), de Xoán Babarro, trata o tema da pobreza e os desafuzamentos; e *Contos nerviosos* (2016), de Fran Alonso, é un conxunto de relatos de crítica social sobre certas problemáticas actuais, como o consumismo. Os medos son tratados no relato *Hilario e os tres medos* (2017), de Xoán Babarro, no que ademais hai cabida para o acoso escolar e a morte, ao estar protagonizado por Abeba, unha nena de cor adoptada que sofre acoso na escola. *O xeito das froitas* (2018), de María Reimóndez, protagonizada por unha nena curiosa e testana, retrata unha familia con problemas actuais, como a perda de traballo; mentres que *Vermella* (2018), de Sabela Losada Cortizas, abre unha corrente temática nova que se centra na chegada da primeira menstruación ás nenas, xogando a nivel visual coa cor vermella nas ilustracións de Minia Regos. Beatriz Maceda en *Lúa en ningures* (2019) relata os problemas de adaptación da protagonista na sociedade que a acolle como refuxiada de guerra. Tamén teñen cabida o uso das TIC e as súas consecuencias, en *Teño oito anos e quero ser youtuber* (2019), de Xoán Babarro, a través das vivencias cotiás, soños e lembranzas que comparte o neno protagonista nas redes sociais, ademais de inserir contos, lendas e xogos de palabras.

Xorden obras que transmiten determinados valores sociais, como o respecto pola diversidade e a diferenza, rompendo os estereotipos de xénero, como en *A reconquista* (2018), de Antía Yáñez que reivindica o dereito das nenas a xogar ao fútbol no patio do recreo. Unha obra que abre temática nunca antes abordada na narrativa infantil galega é *Mamá, quero ser Ziggy Stardust* (2018), de Iria Misa, que trata a realidade transxénero e os problemas que conleva a nivel social, fomentando o respecto pola diversidade sexual.

Dentro desta tendencia, tamén se ficcionaliza a problemática da inmigración desde unha olla sensible, mostrando as dificultades e vulnerabilidade dos nenos protagonistas, como acontece en *O aroma do liquidámbar* (2012), de An Alfaya, na que Miro descobre que súa nai está no cárcere por roubar e fai amizade con Daniel, un neno guatemalteco que tamén sofre a ausencia de súa nai para coidar da súa avoa enferma. Ou *Señor Meco* (2012), de Mar Guerra, no que dous irmáns xemelgos coñecen un inmigrante africano. E a multiculturalidade en *Volvo! O regreso de Usha* (2014), de María Reimóndez, un relato en primeira persoa das vivencias de Usha na India, xunto a súa nai, doutora cooperante, que ademais trata o tema da menstruación e os tabús ao redor dela; e en *O agasallo de Anya* (2013), de Sabela Núñez Singala, que confronta a realidade cotiá de Xiana e Anya, unha nena ucraína que vive nun centro de acollida de menores.

Outra cuestión presente é o tratamento en forma de crónica histórica de acontecementos situados no pasado, como se fai no relato *A rapaza na fiestra* (2010), de Xavier Estévez, ambientado en Ámsterdam durante a Segunda Guerra Mundial, que relata e amplía con dramatismo a historia de Ana Frank, a través da súa amizade con Lucas que a descobre agochada na fábrica abandonada. Fina Casalderrey en *Historia da bicicleta dun home lagarto* (2014), conta acontecementos da guerra civil; e en *Música no faiado* (2018), de Miguel Ángel Alonso Diz, dous rapaces atopan no faiado diversos obxectos, que os levan a descubrir episodios do pasado nos que están presentes a emigración, a represión da posguerra, o racismo ou o medo, con múltiples referencias musicais.

Publícanse tamén relatos protagonizados por animais, dirixidos á infancia, que son fiel reflexo da vida humana e que permiten realizar unha crítica cómica da realidade cotiá. *A vaca caníbal* (2013), de Marilar Aleixandre, conta a vida da vaca Brenda desde que nace nunha granxa ata que se fai salvaxe, con referencias intertextuais a *Memorias dunha vaca*, de Bernardo Atxaga. *Oxalá estiveses aquí* (2016), de Charo Pita, é un relato cheo de animais que viven aventuras, seguindo a estela dos relatos de Arnold Lobel e Janosch, mentres que *Catro Cascarolos* (2016), de Marilar Aleixandre, conta a busca dun novo fogar de catro caracois. *A tartaruga Amodovou* (2019), de Paula Carballeira é unha alegoría sobre a emigración, o valor da liberdade, a perseveranza e a solidariedade a través da vida deste animal que viaxa polo mundo enteiro.

4.2.- Problemáticas difíciles: morte, enfermidade, guerra, maltrato...

Dentro do realismo, hai unha liña temática, dirixida ao lectorado infantil do tramo máis alto de idade (8-11 anos) que non oculta asuntos duros, que en épocas anteriores foran consideradas tabús ou difíciles de presentar a este tipo de receptor, como poden ser a morte e enfermidade, a guerra, o abuso de poder, o maltrato ou abuso infantil. Aínda que non é o común, publícase algún álbum que de forma delicada e tenra se achega á enfermidade, como *Á sombra dos anacardos* (2011), de Antón Fortes e Simona Mulazzani, sobre a realidade cotiá da vida en África e a terrible enfermidade da SIDA a través da voz tenra dunha nena africana; e *Un avó especial* (2011), de María Campos e Carlos Yus, sobre o Alzheimer e a súa incidencia na familia. O fermoso álbum *O principio* (2012),

de Paula Carballeira e Sonja Danowski, cun ton esperanzador e optimista presenta desde a mirada infantil as consecuencias da guerra e a capacidade de superación do ser humano. Sobre o abuso e maltrato infantil hai que nomear o álbum narrativo *Monstro de ollos vermellos* (2019), de R. J. Peralta e Blanca Millán.

Nesta década publícanse varios relatos infantís que se centran nos temas da morte ou enfermidade, que se consideran difíciles para presentar á infancia, aínda que son situacións coas que os máis pequenos se teñen que afrontar, ben sexa pola morte ou a enfermidade do propio protagonista ou dalgún ser querido. Así, convértese en trama argumental o proceso de recoñecemento da realidade e como superar a enfermidade, provocando a empatía do lectorado cos protagonistas. É o caso de varias propostas narradas xeralmente desde a primeira persoa polo protagonista infantil: *O corazón da maxia* (2015), de Xavier Estévez, que conta a enfermidade da protagonista e como se evade nunha realidade fantástica paralela, a través do seu *alter ego*, mentres agarda un transplante de corazón no hospital; *O becho que quería comer a avoa* (2015), de Rocío Leira e *A mamá que perdeu as cóxegas* (2016), de Clara do Roxo, que se centran, respectivamente, no proceso de asimilación da enfermidade no ámbito familiar da avoa e a nai por parte da protagonista.

O monstro do soño (2012), de Alberto Urcaray, retrata a violencia doméstica a través dunha redacción escolar do neno protagonista.

V.- O HUMOR

É outra liña temática moi produtiva e presente na Literatura Infantil e Xuvenil de todos os tempos, xa que busca divertir, xerar sorrisos, fomentar a creatividade e evadir o lector da realidade. No álbum destacan a parella de creadores Pinto&Chinto, formada polo escritor Carlos López e o artista plástico David Pintor, que enfocan as súas creacións baixo unha óptica cómica surrealista, que pode chegar a rozar o esperpento, como sucede en *A maceira que daba calquera cousa menos mazás* (2011), con referencias intertextuais ao clásico teatral de Carlos Casares *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973), e *Nicomedes o pelado* (2013), que narra os intentos disparatados do protagonista por cubrir a calvicie da súa cabeza.

Outros exemplos interesantes de álbums humorísticos son *Soño de pixamas* (2010), de Fran Nuño e Alberto Toval, centrado en narrar o aspecto dunha cidade se a xente salise en pixama; *De profesión inventor* (2012), de Kike Gómez e Irene Sanjuán, sobre a creación duns aloucados inventos obxecto de burlas; *Pasen e miren* (2014), de María Canosa e Dani Padrón, no que se ofrecen catorce singulares personaxes circenses que salientan polo humor, a sorpresa e a esaxeración; e *Teño uns pés perfectos* (2016), de María Solar e Gusti, un ameno e enxeñoso tratado sobre os pés humanos, protagonizado polo neno Melchor que debe demostrar o seu coñecemento sobre esa parte do corpo.

As historias con matiz cómico, presentadas como relatos ilustrados, tratan diversos temas. Así novamente Pinto&Chinto en *Os xogos olímpicos de Ningueres* (2012) ofrecen con moita creatividade e enxeño todo un planeta de atletas

surrealistas. María Solar en *A verdadeira historia da mosca da tele* (2013) relata as divertidas andanzas dunha mosca famosa pola súa habilidade para molestar na televisión. Carlos López en *Isela* (2016) ofrece microrrelatos cheos de imaxinación e creatividade para provocar a risa e sorpresa a partir de situacións absurdas. *Os Peloteiros* (2019), de Patricia Mallo, é unha novela iniciática ambientada nun contexto rural que desmitifica o deporte e salienta a amizade, a deportividade e o compañeirismo, confrontando a vida rural coa urbana con humor e desenfado. A exaltación da amizade tamén está presente no relato *Conexión macarrón* (2019), de Leticia Costas, sobre o encontro dos nenos Espe e Rino cun veciño extraterrestre ao que lle amosan a súa hospitalidade.

Hai que salientar que nesta década nace unha vertente innovadora de humor macabro e escatolóxico, que está tendo moi éxito de crítica e de público, na que destaca a produción da escritora Leticia Costas, quen desmitifica a morte co uso de personaxes da esfera do terrorífico, como zombies ou vampiros, ofrecendo historias divertidas e tenras no mundo de ultratumba cunha estética gótica e múltiples referencias literarias e fílmicas. É o caso de *Escarlatina, a cocineira defunta* (2014), Premio Merlín de Literatura Infantil 2014, que mestura gastronomía e morte nunha aventura no Inframundo, alicerzada pola amizade entre a nena defunta e Ramón; e a precuela *Esmeraldina, a pequena defunta* (2016), enmarcada no Oeste americano para relatar as causas do falecemento da protagonista. A elas, hai que sumar outras achegas, como *Os Cabezombis na Mansión Espello* (2016) e *Os Fantom* (2018), de Patricia Mallo, nas que se recuperan personaxes de terror cun aspecto tenro, para tratar a especulación inmobiliaria e se relatan as divertidas aventuras dunha familia de fantasmas no Mundo dos Vivos para poder regresar ao seu mundo, logo de quebrar a axencia de viaxes que contrataran.

VI.- O PODER DA FANTASÍA

Esta liña temática agrupa narracións nas que se mestura en distinto grao a fantasía e realidade e aquelas nas que acontece a acción soamente en coordenadas fantásticas, xeralmente protagonizadas por unha nena ou ser fantástico ou animal humanizado que debe superar unha serie de probas.

6.1.- Fantasía e realidade

Publícanse unha serie de álbums nos que se insire o elemento fantástico na realidade cotiá, dunha forma bastante delicada e poética, como sucede en *Paxaro de mar e vento* (2012), de Tucho Calvo e Xosé Cobas, no que nai e filla crean nunha praia unha ave, feita de soños, olas e brisa; e *As noites de Xián* (2014), de Concha Blanco e Dani Padrón, ao redor dunha caixa de música que lle regala a Lúa ao protagonista para poder durmir na cidade.

Outros insiren a fantasía a través dos soños, poñendo en valor a capacidade de soñar e de crear mundos maravillosos, como *Erik, o construtor de soños*

(2017), de Kike Gómez e Dani Padrón; e *Ladrón de soños* (2018), de Sabela Fernández Trelles, centrado en demostrar que as aparencias poden resultar enganosas, a través dunha trama desenvolta na cidade de Soñovai, onde un ladrón quere apoderarse de todos os soños bos para regalárllelos aos nenos dunha cidade veciña que só teñen pesadelos.

Nesta liña tamén xorden iniciativas centradas na ficción científica para os máis novos, como é o caso das distintas entregas da serie «Os diarios de Pi-Chük» de Manel Cráneo sobre as aventuras e viaxes dun científico extraterrestre e o descubrimento de seres peculiares, que vai relatando nos distintos volumes: *Quen é PiChük?* (2010), *As minchas de Aridöndia* (2010), *O temible Lampönak* (2011), *O agradecido zigüüt* (2011) e *O longo longöbio de Longölia* (2014).

Esta tendencia fantástico-realista é moi produtiva na narrativa infantil dirixida á etapa de 8-11 anos. Hai que destacar os relatos *Verbas de sal* (2011) e *Cos ollos na Lúa* (2010), de Antonio García Teijeiro, nos que se valora, respectivamente, a literatura como ferramenta para comunicarse e ser máis felices e a amizade e confidencias entre unha nena e o seu can. En canto á amizade do protagonista con algún ser fantástico, hai que mencionar a Agustín Fernández Paz que ten contribuído a esta temática con *Desde unha estrela distante* (2012), na que Daniela fai amizade cun encantador extraterrestre que descobre no faiaido da casa da avoa, e con *Amizades secretas* (2015), entre a nena curiosa e unha intrépida ratiña; mentres que Xavier Estévez en *Kibuko* (2017), amosa a amizade dunha nena e un monstro que lle permitirá salvar o mundo. En *Rubicundo* (2015), María Canosa relata a amizade entre unha nena e un extravagante e estraño ancián que perdeu o sorriso e amabilidade. E *Dadá, o amigo invisible* (2016), de Xavier Frías Conde, céntrase na viaxe dun neno e seu pai, logo de morrer súa nai, acompañados dun amigo invisible. Outras obras mesturan a realidade coa fantasía a través de pantasmas, como en *Volverás golfiño* (2014), de Andrea Maceiras, na que se relata a amizade entre unha nena e a pantasma dun afogado na Costa da Morte, que lle permite coñecer o destino familiar.

Pola súa parte, Érica Esmorís relata as aventuras dunha nena na busca do seu superpoder en *O poder de Amabel* (2013); Xelís de Toro con *O gato fastasma* (2013) conta a historia dun neno que consegue darlles vida real aos seus debuxos; e en *O castañeiro de abril* (2013), relato con reminiscencias dickensianas e do realismo máxico, Antonio Manuel Fraga trata as penurias do neno orfo e cego Baltasar que malvive coas súas malvadas tías ata que aparece un misterioso e máxico personaxe para axudalo. Aproveitando personaxes dos contos Agustín Fernández Paz en *Corazón de pedra* (2012) rescata a figura do dragón e o poder dos soños e do amor da nena protagonista para resucitalo, adobiado con lendas como a da Cova da Serpe. Con características da oralidade, Paco Martín ofrece un fermoso relato no que unha rula e un peluche asisten ao nacemento dun bebé en *A rula, o peluche e a nena* (2015); e Helena Villar Janeiro en *Contos do Sol e da Lúa* (2017) fusiona fantasía e realidade para mostrar o mundo interior da infancia.

Tres bichicomas, dúas illas e unha serea (2019), de Rosa Aneiros, retrata a relación que establece Edelmira co seu avó, co que pasa o verán na aldea Marabilia, e con André e Daniel, cos que inicia arriscadas expedicións nas que aparece unha muller sobrevivinte dunha patera. E Antonio Manuel Fraga conta

en *No corazón da balea* (2018) como dous irmáns, Aicí e Reibax, que viven na illa Pepereta se mergullan na resolución de varios enigmas para dar coa orixe do submarino con forma de balea, poñendo de manifesto a importancia da imaxinación e creatividade.

Xorden relatos que enían realidade coa fantasía a través de viaxes oníricas, como acontece en *Soños de mar* (2014), de X. H. Rivadulla Corcón, no que o neno protagonista é trasladado ao século XII durante os seus soños e vive aventuras xunto a un trobador; e en *O meu pesadelo favorito* (2015), de María Solar, no que o febril protagonista realiza unha viaxe onírica a un mundo fantástico. *A porta dourada* (2018), de Xelís de Toro, trata sobre unha nena que delira por un forte golpe na cabeza e rememora aventuras vividas entre a protagonista e o seu pai cando os domingos saen xuntos a pescar e lle conta historias, ademais de vivir aventuras subacuáticas para recuperar os peixes. *Orestes perde o sentido!* (2019), de Rosa Aneiros, é unha divertida historia onírica dun rapaz con conmoción cerebral por un accidente de tráfico, que conxuga o mundo dos videoxogos coa educación viaria.

E, por suposto, hai relatos de viaxes fantásticas protagonizados por animais, como *Catro amigos pillabáns* (2012), de Ramón Caride, no que un porquiño, un rato, un gato e un caracol teñen unha viaxe fantástica ao atopar un bastón máxico; e *Quokka Moka* (2019), de María Solar, relato no que un pequeno marsupial egoísta e insoportable se farta de facer falcatruadas ata provocar a extinción da súa especie, que o levará a viaxar e casar cun deles para asegurar a continuidade, valorando a amizade, o amor, a igualdade, a importancia de respectar os demais, a empatía e a tolerancia. Ou por elementos naturais como *O lume contador de historias* (2016), de Carlos López, no que un lume nunha póla da árbore pamarandá coñece personaxes e vive aventuras fantásticas e cheas de humor. Ou incluso por obxectos humanizados, como *Os poderes máxicos de Aitema* (2010), conto de Concha Blanco sobre un amuleto máxico cunha aparencia estraña que viaxa por Galicia e traba amizade con diferentes seres fantásticos e reais aos que lles cumpre os seus desexos.

6.2.- Aventuras fantásticas

Para un lectorado do tramo alto da infancia (8-11 anos) publícanse obras narrativas totalmente fantásticas, situadas en mundos irreais habitados por personaxes peculiares, como *A cazadora de estrelas* (2017), de María Canosa, unha historia de amizade, superación, loita e rebeldía; *A señorita Bubble* (2017), de Leticia Costas, que presenta na liña steampunk a unha científica singular libre e emprendedora e os extravagantes inventos que crea; *Muriel* (2017), de María Canosa, Premio Merlín 2017, sobre a aventura máxica dun neno en compañía dun raposo, que debe superar a perda da súa avoa, con múltiples acenos a *O principião*; *Expedición Tilovonte* (2017), de Carlos López, no que a raíña Gledamoar proxecta unha expedición capitaneada por Tilovonte ao redor do mundo para recoller noticias do seu aspecto e costumes, vivindo situacións insólitas e fantásticas e coñecendo estraños personaxes; *Escaquis e Romeu* (2018), de Antonio Manuel Fraga, que trata da relación entre un home e unha adorable cria-

tura que necesita volver ao seu mundo; *As peripecias de Extravaganza Pérez* (2018), de Leticia Costas, que valora o respecto polos animais e a importancia da ciencia coa ruptura de estereotipos; *A nena, o monstro e o mar* (2019), de Teresa González Costa, que recupera a Leopolda Diéguez, unha contadora de historias, e o seu compañeiro Gran Gogol nunha aventura ateigada de perigos, botando man de recursos da tradición oral e da fantasía, para facer unha alegoría sobre a degradación do medio e os intereses capitalistas da sociedade humana. *Os ecos do lume* (2019), de Anxo Fariña, centrada no coidado do medio, a defensa ecolóxica e o tema dos incendios en Galicia, é a historia de dous irmáns, Noa e Antón, que viven increíbles aventuras nun mundo subterráneo habitado por criaturas máxicas no que deben resolver o misterio dos ecos do lume.

En canto a series para o lectorado infantil, destacan os novos títulos de «Os Megatoxos», de Anxo Fariña, publicada orixinalmente por A Nosa Terra e actualizada por Edicións Xerais de Galicia, que relatan as aventuras dunha panda de catro nenos protagonistas que adquiren superpoderes, grazas a un obxecto máxico dun laboratorio, e que teñen que resolver distintos misterios: *Os Megatoxos e a cara oculta de Lúa* (2011), *Os Megatoxos e a espada esmeralda* (2012), *Os Megatoxos e o aprendiz de druída* (2012), *Os Megatoxos e os templos da luz* (2013), *Os Megatoxos e o dragón de xade* (2014) e *Os Megatoxos e a batalla de Rande* (2018).

VII.- MISTERIO E INTRIGA

Esta tendencia, polas características psicolóxicas e evolutivas do lectorado infantil, son moi do gusto nesta etapa, tendo moito éxito na narrativa. Destacan aquelas obras que teñen como fío condutor a resolución dun misterio mediante a investigación que realizan diferentes personaxes co rol de detectives. Moitas delas están protagonizadas por unha panda de nenos, como o relato *O misterio do Faro Vello* (2012), de Fina Casalderrey, sobre as aventuras dun grupo de amigos que quere descubrir a orixe dunhas bólas misteriosas, enfiado polo respecto ás normas viarias. En *Smerling: na tea de araña* (2013), de Lola Gándara, a través da voz protagonista de Tomás Barret, o lectorado coñece a aventura de catro nenos «especiais» á volta dun campamento, cando se avaría o coche no que viaxaban. En *O Capitán Aspanitas e os misterios das Burgas* (2013), de Ramón Caride, unha panda de catro nenos, xunto co superheroe Capitán Aspanitas, darán ao traste coas maléficas intencións dunha rede criminal que quere boicotear as augas termais da cidade de Ourense. Mar Guerra nos relatos *Xenaro e a hucha do indiano* (2010) e *Xenaro e a negra sombra* (2015), protagonizados por un neno afeccionado aos xogos de linguaxe e a resolver misterios, acompañado dos seus amigos, vive novas aventuras para, respectivamente, atopar un misterio agochado, recuperando feitos históricos do pasado, e salvar os lobos, mostrando o respecto pola natureza, con múltiples referencias intertextuais a obras da literatura xuvenil de aventuras (como *A illa do tesouro*, de Robert Louis Stevenson; *Tarzán, rei dos monos*, de Edgar Rice Burroughs; as novelas protagonizadas por Sherlock Holmes, de Arthur Conan Doyle; e *A viaxe ao centro da terra*, de Jules Verne) e alusións a figuras históricas do mundo da política, a filosofía, o cinema

e a arte. En *Todos os soños* (2015), de Xavier Estévez, Xavier, o neno protagonista, con axuda de Clara, unha nena estraña, desvela o enigma dos segredos familiares da Casa de Andrés Troncoso, bisavó de Clara. E Xabier López en *O segredo da vella librería* (2018), unha obra ambientada no século XIX, reivindicando o valor dos libros a partir das aventuras do protagonista.

Outras obras configúranse como auténticas parodias detectivescas, que con boas doses de humor buscan provocar o riso no lectorado, como *Desaparición* (2011), do dúo Pereledi (Pere Tobaruela e Leticia Costas), que se centra na investigación da misteriosa desaparición de dúas letras do abecedario (q e c); *Misterio resolto* (2012), de Concha Blanco, na que Suso vive estrañas experiencias na súa aldea; e *O capador de boinas* (2013), de Xerardo Neira, que relata como o cura Don Arximiro, usando a súa intelixencia, descobre o delincente que mutilou as boinas dos veciños. En *O detective de Nullarbor* (2015), de Antonio Yáñez Casal, un canguro-detective descobre a orixe da estraña epidemia que se estende por Australia e que impide que os nenos durman; en *Vic e Bombona* (2015), de Sara Barreiro, un neno e o seu can viaxan ao pasado para descubrir os segredos dunha vila; mentres que en *Hugo e o ladrón pantasma* (2017), de Carlos Vila Sexto, o neno protagonista, que anda en cadeira de rodas, conta en primeira persoa con sentido do humor e superación como se ten que adaptar a un novo colexio e como descobre o ladrón fantasma.

En canto ás series, é de salientar «Os Sabuxos», de Jaureguizar, protagonizada por unha panda de nenos, liderada por Nica, que en *Os Sabuxos entran na casa do pé esquerdo* (2013) axudan a un veciño solitario e marxinado a non perder a súa casa, loitando contra a especulación urbanística; mentres que en *Os Sabuxos divírtense no Museo Prohibido* (2015) hai presenza constante da maxia. E tamén «Formigas», de Pere Tobaruela, protagonizada por un grupo de investigadores formigas humanizadas que deben resolver complicados casos criminais que os levan a percorrer distintas cidades do mundo e distintas épocas e monumentos históricos: *Misión París* (2014), *Misión Nova York* (2014), *Misión Barcelona* (2015), *Misión Tokio* (2017) e *Misión Camiño de Santiago* (2019).

VIII.- RESPECTO POLA NATUREZA

Esta temática céntrase en cuestións sobre a natureza (fauna e flora) e fenómenos meteorolóxicos. Así, destacan os álbums *Un saco de estrelas* (2010), de Fina Casallerrey e Enjamio, que explica a orixe do arco da vella; *Viaxes de inverno* (2013) e *Papá, que son os sorrisos?* (2013), de María Canosa e Dani Padrón sobre o ciclo da auga e o deterioro do medio e as consecuencias na vida humana; *Chímpate, Pepa!* (2013), de Paula Carballeira, Xoana Álvarez e Miguel Peralta, que achega a riqueza da flora e fauna das illas atlánticas por medio dun corvo mariño; *O día que choveu do revés* (2016) e *Caderno de Lúas* (2018), de María Canosa e Dani Padrón, que tratan, respectivamente, dos desastres provocados por unhas nubes enfadadas e dos coñecementos sobre a Lúa. María Lado e Nove Noel en *5 minutos* (2017) ofrecen un diálogo entre pai e filla para aprender a relatividade do tempo, poñendo exemplos que lles brindan a natureza e as estacións do ano; mentres que Xosé A. Perozo e Antonio Seijas en *A auga*,

o dragón e o salgueiro chorón (2019) retoman elementos da literatura popular e personaxes míticos para narrar a aventura dun dragón residente no monte da Cova da Serpe, concienciando do uso responsable da auga.

Outros álbums teñen como fío argumental amosar a relación entre os seres humanos e os animais. É o caso de *Cuca e o abrigo marrón* (2014), de Fina Casalderrey e Patricia Castelao, no que se conta con sensibilidade a difícil vida dunha cadela vagabunda; a reedición *A nena do parque* (2014), de Antonio García Teijeiro, un canto á protección da natureza con mensaxe ecolóxica; e *A Furgoneta Branca* (2019), de Fina Casalderrey e Lucía Cobo, sobre a relación dun home e o seu cabalo, tratando a temática da morte e o amor polos animais.

A serie «Rodribico» (2010), de Manuel Guisande e Xosé Tomás, protagonizada por un paxariño, relata diversas anécdotas que lle acontecen nos títulos *Rodribico aprende a voar*, *Rodribico e o mar*, *Rodribico vai ao circo*, *Rodribico visita a cidade* e *Rodribico e a noite*, mostrando ao lectorado infantil o mundo que o rodea: o ceo, o mar, os animais do circo, a cidade e a noite.

Dentro da narrativa infantil hai que mencionar *Un fogar para Estrela* (2012), de Ánxeles Ferrer, sobre a acollida dunha cría de cegoña logo de ser destruído o niño; e *O caderno de Edua* (2015), de Helena Villar Janeiro, que é todo un canto en defensa da natureza da Serra do Caurel.

Outros relatos, aínda que circunscritos á esfera do fantástico, teñen unha intención claramente ecolóxica, relatando as consecuencias da contaminación ambiental e a necesidade de respectar o equilibrio da natureza. Así *Fred Quincalla, o nómade do mar* (2017), de Teresa González Costa, é a historia dun autómatas construído con restos dun barco, que dá conta da catástrofe ecolóxica; *Unha misión para Clara* (2018), de Marica Campo, é unha narrativa na que unha nena, que pode escoitar as árbores, recibe dun trasno a misión de mediar entre o mundo humano e a natureza para solventar os danos que provocan os humanos; *Kusuma* (2018), de Héctor Cajaraville, Premio Merlín de Literatura Infantil 2018, trata a desprotección dos migrantes e a ecoloxía, a través de personaxes animais que deben abandonar o seu hábitat pola acción humana sobre o medio; e *Xelís, o guieiro das botellas de mar* (2019), Premio Merlín 2019, de Rosa Aneiros, é unha novela fantástica de aventuras, de intencionalidade ecoloxista sobre Xelís, habitante da illa de Otilc que perdeu unha perna nun accidente nun cantil e que vixía as botellas que navegan polo mar con mensaxes no seu interior, ata que recolle unha que alerta da existencia dunha grande illa de plásticos que navega libremente e ameaza o mar. Nela recenden valores como o activismo ambiental, o coidado dos océanos e a aceptación da diferenza, ademais de tratar a diversidade funcional.

IX.- TRADICIÓN POPULARES GALEGAS E SÍMBOLOS DE IDENTIDADE

Esta tendencia busca visualizar e reivindicar a identidade propia, divulgando as tradicións populares galegas cun afán moito máis localista que as liñas temáticas anteriores. Sirvan de exemplo os álbums con carácter divulgativo *É*

tempo de entroido (2018), de David Sierra e Ramón Veiga, onde se ilustran os diferentes tipos desta festa popular galega cos seus disfraces e comidas típicas; *O noso samaín* (2016), de Loretta Birott Bermejo e Nuria Valdeón Balsas, sobre a orixe remota da tradición galega do Samaín, que se corresponde co Día de Difuntos, que tamén é o fío condutor de *Violeta quere ser vampiro*. *Un conto de Samaín* (2017), de Ramón D. Veiga e David Sierra, no que se actualizan as figuras do vampiro para romper con estereotipos de xénero.

Hai que nomear, polo que ten de significativo e dentro dunha campaña promocional da Xunta de Galicia e do Xacobeo 2010, a colección «O Camiño conto a conto», que o escritor Pere Tobaruela e o ilustrador Andrés Meixide prepararon en 2010 para *La Voz de Galicia* con nove títulos: *Camiño do Mar de Arousa e Río Ulla*, *Camiño Primitivo*, *Camiño do Norte*, *Camiño Francés*, *Camiño Portugués*, *Camiño Inglés*, *Camiño do Sueste (Vía da Prata)*, *Camiño de Fisterra-Muxía* e *Destino final: Santiago*. Neles achéganse datos e personaxes históricos, información do Camiño e pasatempos nunha peculiar peregrinación ao longo de distintas épocas históricas, protagonizada por distintos animais, co obxectivo de introducir os nenos no Camiño de Santiago dun xeito didáctico.

X.- CONCLUSIONES

Na narrativa infantil publicada entre 2010 e 2019 continúanse liñas temáticas xerais que son recorrentes ao longo da historia da Literatura Infantil e Xuvenil, como acontece co aproveitamento dos contos da tradición oral, do realismo, que deita a ollada en vivencias da vida cotiá, das aventuras fantásticas e do misterio e intriga.

Non obstante, dentro desas grandes liñas aprécianse novos subtemas que se adecúan á época histórica na que se crean as obras, debido aos condicionamentos históricos e sociais do momento. Así, entre eses temas novidosos e actuais, na década de 2010 a 2019, destacan na esfera do realismo o apoderamento das mulleres, que se aprecia na escolla de protagonistas femininas que rompen cos estereotipos sexistas e no aumento de voces narrativas femininas; a realidade do transxénero e a menstruación. Outros temas realistas xa tratados con anterioridade céntranse en cuestións, como o acoso escolar, o respecto pola diversidade e o poder das novas tecnoloxías e das redes sociais. En canto a temas de alcance universal, hai que citar a multiculturalidade, o respecto pola natureza, o tratamento da morte, a enfermidade, a guerra ou o abuso infantil. Innovadora tamén é a liña do humor macabro con estética gótica, iniciada pola escritora Leticia Costas.

Se atendemos á idade do lectorado e o tipo de libro, apréciase que para a nenez de 0 a 3 anos se editan álbums con contos de animais ou da vida cotiá. Para os pequenos de 3 a 6 anos, predominan os álbums de contos populares cos que van conformando o seu imaxinario, ademais de álbums sobre a vida cotiá da nenez e o coñecemento do mundo que os rodea. Dos 6 aos 8 anos, abundan relatos ilustrados que recrean e reescriben personaxes dos contos maravillosos e relatos curtos de carácter realista, fantástico ou de aventuras, nos que se enzalza

a amizade e outros valores. Para nenos de 8 a 12 anos diversifícanse máis os temas, desde obras cheas de humor coas que traballar a ironía, comicidade e parodia, ata relatos realistas que tratan temáticas difíciles (transexualidade, enfermidade, guerra, morte, inmigración...), condicionados pola realidade social, e aventuras fantásticas e de misterio cheas de humor, que buscan evadirse da realidade próxima da infancia.

BIBLIOGRAFÍA

- Fernández Paz, A. (1999) *A literatura infantil e xuvenil en galego*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Fernández, M. J. (2010) «Galicia: continuidade», *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 237, pp. 40-51.
- (2011) «Galicia: año de álbumes para pequenos y grandes», *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 243, pp. 40-50.
- (2012) «Galicia: Medio pan y un libro», *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 249, pp. 46-56.
- (2013) «Galicia: capeando el temporal », *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 255, pp. 40-48.
- (2014) «Galicia: calidad pese a los recortes», *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 261, pp. 34-41.
- (2015) «Galicia: llega la ‘Generación de la Esperanza’», *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 267, pp. 42-51.
- (2016) «Galicia: la vitalidad del relevo generacional», *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 273, pp. 40-49.
- (2017) «Galicia: conquistando prestigio y reconocimiento», *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 279, pp. 48-61.
- (2018) «Galicia: Premios, adioses... y una buena producción», *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 285, pp. 48-63.
- (2019) «Galicia: regularidad y buen momento creativo», *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 291, pp. 54-65.
- (2020) «Galicia: «nueva normalidad» y mucha incertidumbre», *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 297, pp. 56-67.
- Ferreira, M. C. (2019) «As reescrituras dos contos da transmisión oral no álbum infantil en galego», en Álvarez, S.; Ferreira, M. C. e Neira, M. (coords.) *Literatura Infantil y Juvenil y valores educativos*, Madrid, CEU Ediciones.
- Franco, C. + Mesías, J. M. (2010) «Breve historia de la ilustración en las editoriales más emergentes de Galicia durante el siglo XX», en Becerra, C. e Fernández, A. (eds.), *Diálogos intertextuales 1: De la palabra a la imagen*, Alemania, Peter Lang.

- Neira, M. (coord.) (2018) *Informe de Literatura 2018*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <http://www.cirp.es/rec2/informes/>.
- Roig, B. A. (coord.) (1996-2017) *Informe de Literatura*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <http://www.cirp.es/rec2/informes/>.
- (2008) *A Literatura Infantil e Xuvenil galega no século xxi: Seis chaves para entendela mellor*, Madrid, Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil/Xunta de Galicia.
- (coord.) (2015) *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Valriu, C. (2010) «Reescriptures de les rondalles en el s. XXI (2000-2009)», en Roig, B. A. + Neira, M. + Soto, I. (coords.), *Reescrituras do conto popular (2000-2009)*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

